

Tesouro Público os demais beneficios do exercicio, excepto aqueles cuxa exclusión autorizase o Consello de Ministros.

Artigo 2. Procedemento.

1. O Banco de España adoptará as medidas necesarias para o cumprimento do disposto neste real decreto. Na formulación dos seus balances e contas de resultados axustarase ás orientacións e instrucións do Banco Central Europeo que, se é o caso, resulten de aplicación.

2. O disposto neste real decreto non limitará en ningún caso o desenvolvemento apropiado das funcións atribuídas ao Banco de España dentro do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

Disposición adicional única. Exclusión de determinados beneficios.

De acordo co establecido no artigo 1.2, os beneficios xerados e contabilizados sobre os cales se aplicarán as porcentaxes previstas no artigo 1.1.a) e b), non incluirán aqueles beneficios que o Consello de Ministros autorice excluir do réxime de ingreso no Tesouro Público.

Disposición transitoria única. Ingreso dos beneficios xerados e contabilizados ata o 30 de setembro de 2008.

Excepcionalmente, o ingreso correspondente aos beneficios xerados e contabilizados ata o 30 de setembro de 2008 producirase antes do 31 de decembro de 2008.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20396 CORRECCIÓN de errores do Real decreto 1804/2008, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, se modifica o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, e se modifican e aproban outras normas tributarias. («BOE» 303, do 17-12-2008.)

Advertidos errores no Real decreto 1804/2008, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, se modifica o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, aprobado polo Real decreto 1270/2003, e se modifican e aproban outras normas tributarias, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 14, do 19 de novembro

de 2008, procédere a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1429, na disposición transitoria única, quinta liña, onde di: «...segundo redacción anterior á establecida pola disposición derradeira primeira do presente real decreto ...» debe dicir: «...segundo redacción anterior á establecida pola disposición derradeira segunda do presente real decreto ...».

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20488 CORRECCIÓN de errores do Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa. («BOE» 304, do 18-12-2008.)

Advertidos errores no Real decreto 1794/2008, do 3 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 14, do 19 de novembro de 2008, procédere a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1417, no artigo 8.2, as letras e), f) e g) deben pasar a ser as letras d), e) e f), respectivamente.

20537 CORRECCIÓN de errores do Real decreto 1793/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo. («BOE» 305, do 19-12-2008.)

Advertido erro no Real decreto 1793/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, publicado «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 14, do 19 de novembro de 2008, procédere a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1403, no número 3 do artigo 16, liñas quinta e sexta, onde di: «... a análise de comparabilidade a que se refire este número...», debe dicir: «... a análise de comparabilidade a que se refire o número anterior...».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20582 CORRECCIÓN de errores do Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos. («BOE» 306, do 26-12-2008.)

Advertidos errores no Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e ao